



NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia aposta por mellorar a calidade da avaliación e vixilancia de impactos ambientais

Coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente, elabora unha guía cos aspectos máis importantes a ter en conta pola Administración

Santiago, 4 de xuño de 2015.- O Colexio de Biólogos de Galicia (COBGA) examinou a situación ambiental de Galicia mediante o traballo da Comisión sectorial correspondente e as conclusións plasmáronse nun documento que se fixo chegar ás administracións autonómicas concernidas. Posteriormente celebrouse unha entrevista co Sr. Director Xeral de Enerxía e Minas, en quen delegou o Conselleiro de Economía e Industria, explicándolle con todo detalle dita situación: desde a estrita degradación ambiental observada ata a perda de postos de traballo relacionados coas vixilancias e seguimentos ambientais de infraestruturas e a precariedade dos que aínda resisten.

Froito da reunión foi o compromiso de elaborar un texto cos aspectos máis importantes a ter en conta polo persoal ao servizo da Administración que debe examinar os estudos de impacto ambiental e os documentos de vixilancia ambiental, que revelen que cumpren efectivamente co propósito para o que son elaborados e non son un requisito ou trámite meramente formal.

Este texto foi enviado ás instancias competentes na materia no nivel autonómico e incide no coñecemento da lexislación (especialmente da conservación da biodiversidade) e nas características dos estudos de impacto ambiental (calendario de resultados previos, traballo de campo, metodoloxía de prospección empregada, consulta das propostas dos plans de recuperación de especies ameazadas, planimetrías axeitadas, cumprimento estrito dos plans de vixilancia tal como foron aprobados, esixencia de profesionais capacitados para asinalos, etc.).

Observando estas directrices, o COBGA entende que os estudos ambientais si constituirán unha excelente ferramenta para o coñecemento do medio natural da nosa Comunidade Autónoma: A súa execución permite invertir tempo e intelecto no territorio, facilitando a toma de decisións futuras, o desenvolvemento sostible e o mantemento de numerosos postos de traballo. Así pois, é deber da Administración velar polo cumprimento dos requisitos legais destes estudos, cumprimento que deriva dun xeito directo na perdurabilidade do medio natural de Galicia.